

RESOLUCIÓN REITORAL, DO 13 DE NOVEMBRO DE 2020, POLA QUE SE ADOPTAN AS MEDIDAS PROPOSTAS POLO COMITÉ DE ASESORAMENTO SOBRE A COVID-19 .

O Comité de asesoramento sobre a COVID-19 na súa reunión do día 11 de novembro de 2020, trasladou a esta Reitoría a proposta sobre medidas a adoptar derivadas dos resultados das probas PCR mediante *pooling* por saliva que se están a facer na Universidade de Vigo entre o estudantado, ante a confirmación de resultados positivos por PCR en estudantes da Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social do Campus de Ourense.

Tendo en conta esta proposta, esta Reitoría,

RESOLVE

Acordar o pase á docencia en liña dende o 16 ao 25 de novembro do segundo curso do Grao de Traballo Social da Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social do Campus de Ourense.

Contra a presente resolución pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Non obstante, previamente poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da notificación da mesma resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste último caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que a reposición sexa resolta expresamente ou se producise silencio administrativo, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 13 de novembro de 2020
Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo